



En
VACA
PODCAST



En vídeo

InLac: unión, estratexia e promoción para impulsar o sector lácteo

Nuria María Arribas é a directora xerente da Organización Interprofesional Láctea (InLac), unha entidade sen ánimo de lucro que integra todos os elos da cadea do sector lácteo en España. Nela están representados gandeiros, gandeiras, cooperativas e industria, así como as tres especies produtoras (vaca, ovella e cabra), o que permite abordar os retos do sector desde unha perspectiva global. A esta estrutura súmase un comité de enlace coa distribución e unha relación constante cos laboratorios interprofesionais, o que reforza o seu papel como organismo de coordinación e diálogo.

Arribas, doutora enxeñeira agrónoma, procede dunha familia gandeira, unha orixe que marca en gran medida o seu xeito de entender o sector. Ao longo da súa traxectoria combinou experiencia técnica, institucional e de xestión. Durante catro anos foi alcaldesa nun municipio da Comunidade de Madrid, traballou como cooperante en Panamá e desenvolveu máis de dúas décadas de carreira profesional na Federación Española de Industrias de Alimentación e Bebidas (FIAB), onde ocupou o cargo de directora de I+D+i. En 2019 deu o salto á dirección de InLac, desde onde consolidou unha visión integradora do sector: “Teño a sorte de coñecer tanto a ganadería coma a industria. Iso fai que a

minha posición sexa equilibrada, porque sei de primeira man os problemas de ambos os dous. Non podo decantarme por ningún, porque os dous son fundamentais e, ademais, completamente sinérxicos”.

Desde esa dobre perspectiva, Arribas defende que o bo funcionamento do sector depende da estabilidade de todos os seus actores. “A clave está en que a todos lles vaia ben. Se falla un dos elos, o resto reséntese. Por iso é tan importante traballar de forma conxunta e coordinada”, expón.

UN SECTOR DIVERSO CON PREDOMINIO DO VACÚN

Aínda que a InLac traballa de forma paralela en iniciativas dirixidas ás tres especies, a directora subliña que

o vacún de leite ten un peso específico maior en España, tanto por volume de produción coma por estrutura empresarial. Neste contexto, Galicia xoga un papel determinante, ao concentrar máis do 40 % da produción nacional.

Esta relevancia tamén se traslada á propia organización: “Na nosa xunta directiva predomina o vacún e o seu comité conta cunha importante representación galega, con máis de catro membros”, apunta Arribas. Esta presenza reflicte a importancia da comunidade no conxunto do sector.

A nivel europeo, a posición de España varía segundo a especie. En ovino e caprino, o país ocupa o segundo posto na produción, o que evidencia a súa fortaleza nestes segmentos.

► “A CLAVE ESTÁ EN QUE A TODOS LLES VAIA BEN. SE FALLA UN DOS ELOS, O RESTO RESÉNTENSE”

Con todo, en vacún de leite sitúase na sétima posición. “O noso obxectivo é seguir avanzando nese *ranking*. Oxalá poidamos escalar posicións pouco a pouco ata situarnos entre os principais produtores europeos”, sinala.

GOBERNANZA BASEADA NO DIÁLOGO E NO CONSENSO

Un dos aspectos que caracteriza á InLac é a súa aposta polo diálogo constante entre os diferentes axentes do sector. A organización celebra reunións mensuais nas que participan representantes da gandería, a industria e as cooperativas, co obxectivo de poñer sobre a mesa os principais temas de interese común.

Estas reunións permiten abordar cuestións estratéxicas, detectar problemas e buscar solucións conxuntas, sempre desde unha perspectiva de consenso. “Para min é fundamental xerar espazos onde se poida falar abertamente e traballar polo ben do sector lácteo”, afirma Arribas.

Ademais destas xuntas, a InLac mantén un contacto fluído coa distribución, o que facilita a posta en marcha de iniciativas conxuntas, en especial no ámbito da promoción do consumo. Este traballo coordinado resulta clave para reforzar a presenza dos lácteos no mercado e achegalos ao consumidor final.

A este armazón súmase un comité científico que apoia as mensaxes da organización en materia de nutrición. “Detrás de todo o que comunicamos hai un equipo de expertos que avala os nosos contidos. É importante que o consumidor reciba información rigorosa e baseada en evidencias”, explica a directora.

En conxunto, esta estrutura permítele á InLac actuar coma un ver-

dadeiro eixe vertebrador do sector, capaz de recoller as necesidades de todos os seus integrantes e formalas en proxectos e iniciativas concretas.

PROMOCIÓN, FEIRAS E PRESENZA INTERNACIONAL

A actividade da InLac céntrase en gran medida na promoción e na comunicación, ámbitos aos que destina arredor do 80 % dos seus recursos. A través destas accións, a organización busca reforzar a imaxe do sector, impulsar o consumo e abrir novas oportunidades de mercado.

Neste sentido, a participación en diferentes eventos é unha das súas principais ferramentas. O ano 2026 comezou cunha intensa axenda, que incluíu en marzo a súa presenza en Alimentaria, unha das principais feiras do sector agroalimentario en Barcelona. Neste encontro, a InLac contou cun stand propio no que participaron 14 queixerías, moitas delas pequenas e medianas empresas que ►►



**EXTENDIDO
CON CONTROL GPS**

MODALIDADES DE SERVICIO:

- APLICADO SOBRE EL TERRENO
- BIG BAG DE 1.000 KG
- A GRANEL
- SACO DE 25 KG

La **prevención** es la mejor fórmula para el **ahorro**, y el carbonato cálcico **calfensa** para camas **es tu herramienta**

La acción secante del carbonato en contacto con ubres y pezuñas, aleja al animal de infecciones indeseables, que pueden derivar en pérdida de producción y en los recurrentes problemas en las patas.

Controlar el exceso de humedad, durante períodos prolongados de tiempo, en las partes delicadas del animal, es posible gracias al carbonato cálcico de **calfensa** en su utilización en camas.

NUEVO PRODUCTO GRANULADO
Corrección de pH y aporte de Magnesio

a-calfensa
la caliza de tu tierra®

CALIZA MAGNESIANA

CALIZA AGRÍCOLA

**CARBONATO
CALCICO
de calfensa
PARA CAMAS**

El maíz y las praderas precisan de pH próximo a la neutralidad. Tanto la Caliza Agrícola como la Magnesiana que ofrece Calfensa ayudan a corregir la acidez de nuestros suelos, evitando la toxicidad del aluminio y favoreciendo la asimilación del fósforo. Así mismo, mejoran su estructura, aumentando la aireación y el drenaje.

La caliza de Calfensa proviene de calcita que, una vez molida, es de efecto más rápido que la proveniente de dolomita.

Gracias a la finura de la molienda con la que trabaja Calfensa, sus productos son altamente solubles. Rápida acción difícilmente superable por otras calizas menos molidas o granuladas.

A diferencia de la cal viva, la caliza de Calfensa no es agresiva, no produce quemaduras, lo que facilita su manipulación, siendo, del mismo modo, respetuosa con los microorganismos beneficiosos del suelo.

Dado que se trata de un producto extraído directamente de la tierra, no produce efectos negativos para el medio, siendo reconocido por el Consejo Regulador de la Agricultura Ecológica. AENOR certifica los sistemas de Gestión de Calidad, Medio Ambiente y Seguridad y Salud en el Trabajo de Calfensa.



Ctra. Lugo - Sarria LU-546 km 2 · 27161 Santa Comba (LUGO) · info@calfensa.com · www.calfensa.com

982 305 902



tiveron a oportunidade de darlles visibilidade aos seus produtos nun ámbito internacional.

Cara aos vindeiros meses, a organización continuará con esta estratexia. En setembro estará presente en Fromago, en Zamora, unha feira especializada en queixo que “cada vez vai collendo máis forza”, segundo Arribas. En novembro a InLac participará no World Cheese Awards, en Córdoba, onde exercerá como patrocinadora e contará cun espazo propio.

A proxección internacional é outro dos eixes clave da súa actividade. Este verán, a InLac viaxará a Nova York para participar na Summer Fancy Food, un dos eventos máis importantes do sector alimentario nos Estados Unidos. Alí representará máis de 150 variedades de queixo español, xunto coas 32 figuras de calidade recoñecidas —27 denominacións de orixe protexidas e 5 indicacións xeográficas protexidas—, co obxectivo de reforzar a presenza destes alimentos lácteos no mercado estadounidense.

ANÁLISE, DATOS E APOIO AO SECTOR

Máis alá da promoción, a InLac desenvolve un importante labor técnico centrado na análise de datos e na elaboración de estudos de prospectiva. Estes traballos permiten anticipar tendencias e ofrecerlle ao sector ferramentas útiles para a toma de decisións.

“Sabemos que o camiño non é sinxelo, pero cremos que é posible alcanzar os niveis que merece este sector. Para iso, cómpre seguir traballando en proxectos que o apoiem e o axuden a progresar”, anota Arribas.

Entre as iniciativas neste ámbito salienta a publicación cuadrimestral de datos de comercio exterior, que inclúe información detallada sobre exportacións, importacións e comportamento dos mercados internacionais. Estas cifras permiten entender mellor a posición de España no ámbito global e detectar oportunidades de crecemento. Tamén está o Sistema de Información Lácteo da InLac (SiLac), que integra información dos mercados de leite e alimentos lácteos.

A isto súmanse os datos anuais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que reflicten aspectos

► “DETRÁS DE TODO O QUE COMUNICAMOS HAI UN EQUIPO DE EXPERTOS QUE AVALA OS NOSOS CONTIDOS”



A InLac impulsou a publicación do Libro blanco de los lácteos

clave coma a evolución do número de gandeiros ou os niveis de produtividade. “É evidente que o número de gandeiros foi descendendo cos anos, mentres que a produtividade se mantén. Contar con estes números é fundamental para entender a realidade do sector”, detalla.

Arribas destaca tamén a mellora na dispoñibilidade de información nos últimos anos: “O sector nunca tivo tantos datos coma agora. Iso é positivo, porque nos permite analizar mellor a situación e tomar decisións máis acertadas”. Neste proceso, a colaboración coa Administración é directa, grazas a un convenio que facilita o intercambio de información e a coordinación de accións.

PLAN ESTRATÉXICO E CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN

Un dos seus proxectos máis relevantes na actualidade é o Plan Estratégico do Sector Lácteo, unha iniciativa que busca sentar as bases do futuro do sector. O punto de partida é claro: o mundo enfróntase a un aumento da demanda alimentaria, mentres que o número de gandeiros diminúe e xorden novas fontes de proteína non animais que compiten cos produtos lácteos. Por iso, o plan pon o foco na promoción do sector, a mellora da súa competitividade e a garantía da súa sustentabilidade.

A proposta foi presentada tanto ao Ministerio coma a distintas comunidades autónomas, cunha acollida positiva. Neste contexto, a directora destaca o exemplo do vacún galego, que apostou pola modernización: “A robotización, a tecnoloxía e a innovación son o camiño a seguir. En Galicia puidéronse facer moi ben as cousas nese sentido”.

Outro dos eixes fundamentais é a remuda xeracional, un dos grandes retos do sector. “Non é un problema que poida resolverse só desde o ámbito privado. É necesario que a Administración se implique con políticas coherentes que faciliten a incorporación de mozos”, remarca.

Na área da comunicación, a InLac puxo en marcha diversas campañas para mellorar a percepción social do sector. Entre elas sobresaí “Te lo agradece”, centrada en visibilizar a remuda xeracional a través de testemuños reais de gandeiros satisfeitos co seu traballo. A campaña tivo unha ampla repercusión mediática e contribuíu a amosar unha imaxe máis realista do sector.

“Non todos os gandeiros traballan 365 días do ano sen descanso. Moitos teñen vacacións e unha vida organizada. É importante trasladar esa realidade para atraer novas xeracións”, afirma Nuria Arribas. ►

RED DE CONCESIONARIOS PARA GALICIA

FENDT



MASSEY FERGUSON



► “É FUNDAMENTAL XERAR ESPAZOS ONDE SE POIDA FALAR ABERTAMENTE E TRABALLAR POLO BEN DO SECTOR LÁCTEO”

Outra iniciativa relevante é “Cuenta con los lácteos europeos”, que aborda a sostibilidade dende unha tripla perspectiva —social, económica e medioambiental—. Dentro desta campaña, a InLac impulsou accións divulgativas coma un autobús itinerante que percorre diferentes puntos do país para achegarlle o sector ao consumidor.

Finalmente, outra das iniciativas levadas a cabo pola organización consistiu na publicación do *Libro blanco de los lácteos*. A raíz diso, están preparando varios relatorios con Rosaura Leis, da Fundación Española de la Nutrición (FEN), e irán a NutriEXPO para impartir unha conferencia na que se falará do libro e da importancia das graxas lácteas.

RECOÑECIMENTO E EXPANSIÓN INTERNACIONAL

O traballo da InLac foi distinguido tanto a nivel nacional como europeo. Un exemplo diso é a campaña “Cheestories”, centrada na promoción de queixos europeos nos Estados Unidos, que recibiu o recoñecemento da Comisión Europea. Ademais, a organización foi galardoada co premio Q de Quesos como entidade relevante no mundo do queixo. “Estes premios non son só da InLac, senón de todo o sector”, especifica Arribas.

No ámbito internacional, a InLac continúa ampliando a súa presenza. Tras o desenvolvemento de campañas como “Cuenta con los lácteos europeos” e “Cheestories”, o foco sitúase agora no mercado británico, onde buscan aumentar o consumo de lácteos españois tras o Brexit.

Os resultados destas campañas avalíanse mediante indicadores específicos que permiten medir o seu impacto, coma o aumento do consumo dos lácteos en España ou a participación en actividades e xornadas que a InLac organiza, con supervisión de organismos oficiais.



RETOS DO SECTOR: CONSUMO, NORMATIVA E PERCEPCIÓN

Entre os principais desafíos do sector lácteo, Arribas destaca a necesidade de reforzar a educación nutricional e fomentar o consumo destes produtos. No caso do queixo, España presenta un consumo per cápita de 9 kg ao ano, moi por debaixo da media europea, que alcanza os 21 kg. “Temos queixos excepcionais que poderían formar parte da dieta diaria, como ocorre noutros países”, asevera.

A directora tamén insiste na importancia de diferenciar os alimentos lácteos das alternativas vexetais, especialmente en termos nutricionais. “Non son comparables. O achegamento de nutrientes como o calcio é moi distinto, e é importante que o consumidor o teña claro”.

En paralelo, recalca a necesidade de cumprir coa normativa europea na denominación de produtos, en concreto na canle hosteleira, onde en ocasións se utilizan termos inadecuados que poden xerar confusión.

RENDIBILIDADE, INNOVACIÓN E SOSTIBILIDADE

A rendibilidade das ganderías é unha de as principais preocupacións dos gandeiros, que deben facer fronte a custos crecentes e á necesidade de manter a súa competitividade. Neste contexto, a robotización preséntase como unha ferramenta clave para mellorar a eficiencia e reducir a carga de traballo. “Cada vez hai máis gandeiros que incorporan robots de muxidura, o que lles permite optimizar o seu tempo e mellorar as súas condicións de vida”, describe Arribas.

A medio prazo, a innovación e a sostibilidade serán factores determinantes. Con todo, a directora o resume con claridade: “O reto principal é a produtividade. Sen produtividade non hai gandería. A partir de aí, pódese avanzar en innovación, sostibilidade e remuda xeracional”.

O SECTOR DENTRO DE CINCO ANOS

Cara ao futuro, Nuria Arribas teno claro: “O Plan Estratéxico do Sector Lácteo marcará a evolución dos vindeiros anos”. Así mesmo, a directora da InLac comenta que hai que mellorar os envases, reducir o impacto ambiental e incorporar ferramentas que permitan medir aspectos como a pegada de carbono.

A InLac tamén desenvolveu un mecanismo de mediación entre gandeiros e industria que permitiu resolver arredor do 50 % dos conflitos sen necesidade de recorrer á vía xudicial. “Necesitamos ferramentas que faciliten o entendemento e reforcen a cohesión do sector”, manifesta.

En definitiva, o obxectivo é consolidar un sector forte, competitivo e aliñado, capaz de adaptarse aos cambios e seguir medrando. “Os resultados aválannos e demostran que podemos seguir achegándonos ao consumidor para que, desde o seu criterio, elixa tomar lácteos. Son seguros, nutritivos e esenciais para a saúde, tanto a nivel óseo coma muscular”, conclúe Nuria Arribas. ■